

## **Ramón Nicolás: ‘A nena que perdeu un zapato na lama quere ser unha cartografía emocional polos lugares que teñen unha influencia na vida de Begoña Caamaño’**

*Conversamos co escritor e crítico literario Ramón Nicolás, que ven de publicar ‘A nena que perdeu un zapato na lama. Begoña Caamaño no Calvario vigués 1964-1976’.*

Angelo Nero 01/03/2026

<https://nuevarevolucion.es/ramon-nicolas-a-nena-que-perdeu-un-zapato-na-lama-quere-ser-unha-cartografia-emocional-polos-lugares-que-tenen-unha-influencia-na-vida-de-begona-caamano/>

Neste ano a Real Academia Galega adicou o Día das Letras Galegas á escritora viguesa Begoña Caamaño, para reivindicar a figura dunha muller comprometida coa súa terra e co seu tempo, feminista ata o máis fondo do seu ser, periodista e escritora, dotada dunha voz propia que cumpría salientar, e que quedou reflectida en dúas obras: “Circe ou o pracer do azul” (2009) e “Morgana en Esmelle” (2012), editadas en Galaxia. Esta mesma editorial ven de publicar, “A nena que perdeu un zapato na lama. Begoña Caamaño no Calvario vigués 1964-1976”, na que o escritor, tradutor e crítico literario Ramón Nicolás, reconstrúe dun xeito fermoso, os primeiros pasos da escritora no barrio do Calvario, cerne de moitas das súas inquedañas literarias e sociais. O libro, fermosamente ilustrado por Carlos Gallego, nos leva da man polas rúas deste barrio do antigo concello de Lavadores, para descubrir os lugares, nomes e voces que acompañaron a Begoña Caamaño nesa matria que din que é a infancia.

**Haberá moito que dicir sobre a vida e obra de Begoña este ano, non so sobre a súa narrativa, senón tamén da sua traxectoria periodística, feminista e política, máis sorpréndenos gratamente un libro como este, tanto polo formato, como pola procura de ese lado máis íntimo da escritora. Cántanos, Ramón, como xorde “A nena que perdeu un zapato na lama”? E ¿como foi a labor de investigación para mergullarte na infancia de Begoña Caamaño?**

O libro ten unha xénese un tanto diferente do que en min é habitual, isto é, non é resultado de nada que tivese programado con anterioridade, tampouco é un libro de encarga editorial. Na realidade vai nacendo, de modo parello, a un exercicio de divulgación sobre Begoña Caamaño que programei este pasado verán para o meu alumnado. Quería queoubesen que no barrio no que vivían, e no que estudaban, existiu unha nena curiosa, aleuta, lectora e rebuldeira que se formou e medrou nas rúas dun barrio obreiro como o do Calvario, que logo marchou a vivir a Coia e máis tarde a Santiago, que exerceu de xornalista e tamén foi escritora e que, por riba de

todo, foi unha persoa comprometida coas causas da liberdade e do feminismo, tamén da lingua galega.

**E a través da voz Morgana, unha das súas personaxes, que recorreremos os lugares máis senlleiros dos primeiros anos de Begoña, aqueles que “foron determinantes na súa maneira de posicionarse, de ver o mundo e de entendela”, por que quixeches que fora Morgana quen nos conducira por este feixe de pequenas historias arredor da relación entre Begoña e o seu barrio?**

Morgana chegou un tanto misteriosamente a este libro, e non sei realmente como, pero si sei que foi un recurso operativo tanto para que nos desvelase o que ela sabía sobre a súa infancia e parte da adolescencia, porque Morgana o sabe todo, como para homenaxeala desde o que foi a segunda novela de Begoña onde ela cobra unha nova vida, diferente e individualizada respecto doutras Morganas que coñecemos a través da literatura.

**No libro está a saudade que moitos dos que alí nacemos -eu nacín en Cabral, e vivín tamén un tempo no Calvario- do concello de Lavadores, da “Rusia chiquita”, ¿de que xeito marcou a Begoña Caamaño a historia de loita deste territorio, cunha forte implantación do agrarismo e onde se ergueron as barricadas antifascistas en 1936, e que foi anexionado por Vigo cinco anos máis tarde? naqueles derradeiros anos da ditadura aínda había unha memoria da represión no Calvario?**

Eu tamén nacín alí. A primeira memoria que teño do barrio é a dun lugar de aluvián, en onde se instalaram moitas persoas de diversas partes de Galicia e do resto do Estado, e onde o espírito proletario era cultivado en todos os seus recantos. Todo o mundo traballaba ou quería traballar: nos comercios, nas tendas, nas fábricas, nos estaleiros..., esa foi a realidade que eu coñecín e que non debeu ser moi distinta da que percibiu Begoña.

No meu caso -é de sospeitar que no de Begoña tamén- esperto á realidade da represión na guerra e na posguerra por cousas que se contan na casa pero xa nos anos setenta, morto Franco..., un taxista asasinado en Cabral, outro labrego morto en Candeán, un fuxido que era de Lavadores..., datos soltos, de aquí e acolá, que logo ampliei, claro é, con lecturas. O que non dubido é que a identidade do Calvario é singular e vén determinada por algunhas das cuestións que sinalo.

**Faise moito fincapé no libro nesa toponimia esquecida do Calvario, en moitos casos sepultada polo formigón e o asfalto, máis tamén das tendas e comercios que eran referencias do para os seus habitantes, é, en certo modo, tamén unha homenaxe o barrio que acolleu a tua propia familia, que, como sinalas nas primeiras páxinas, tamén se estableceu alí?**

En efecto... O libro é un texto híbrido e, o certo, é que con poucos precedentes porque non coñezo libros que se acheguen parcialmente a unha fase vital dalgunha das persoas que protagonizaron o Día das Letras Galegas. A nena... quere ser unha protobiografía que revele ou explique a ética de Begoña, cultivada desde pequena, mais quere ser tamén unha cartografía emocional por lugares que en primeira instancia ignoramos pero que teñen un sentido, un valor, unha explicación, unha influencia. Espazos que foron trasitados por Begoña sen dúbida, que eu tamén tiven a sorte de coñecer de primeira man pois igualmente vivín coa miña familia algúns anos na rúa de Cataluña antes de marchar a vivir nos Choróns, que dalgún xeito conforman a apertura do barrio desde a rúa Urzaiz.

**Hai tamén un recorrido emocional pola arquitectura característica do barrio, as Bodegas Bandeira, a Igrexa dos Picos, o Magnolio, a Cristina e os cines Palermo e Avenida, ¿pensas que coa perda de algúns destes referentes, o Calvario tamén perde algo da súa memoria?**

Haino, sen dúbida. O percorrido pola arquitectura do barrio é un elemento do que termei para construír o libro, isto é, reconstruín os lugares na memoria para logo describilos. Dos que citas, os cines desapareceron, claro, e outorgábanlle ao barrio unha fasquía única: as súas sesións continuas constituían unha verdadeira oportunidade para a evasión e o coñecemento. Ao tempo o ocorrido co edificio das Bodegas Bandeira é sintomático pois na súa recuperación houbo un movemento social que demandaba o seu uso para fins culturais da veciñanza. O final xa se viu. Conservouse, en parte, a fachada e máis nada e o seu destino foi privado e comercial.

**Entre as súas primeiras mestres sinalas a María Xosé Queizán e a Carme Panero, as que deixaron fonda pegada nela -tamén foron profesoras miñas, e teño que salientar o amor que espertou en min polos libros a segunda-, cal foi a importancia que tiveron estas dúas mestras na inclinación de Begoña á literatura?**

A referencia a María Xosé Queizán é como mo relataron. Foi profesora dela e mais de Bea, a súa irmá. Ensinoulles francés e ambas as dúas lembraban a canción que lles aprendera de George Brassens e que se titulaba “Le petit cheval”, moi popular na Francia dos anos sesenta. Cando, pasados os anos, Begoña se reencontrou con María Xosé cantoulle a canción que aínda lembraba. Esta última dedicoulle un poema moi fermoso a Begoña onde relata, entre outros extremos, este sucedido.

A referencia a Carme Panero quixen facela á mantenta pois sei que foi unha profesora que inoculou en Begoña a ansia de saber, de ler, de formarse e cumpriu un papel esencial na súa formación.

**Tamén no libro se fai un breve recorrido polas súas primeiras lecturas, ¿que libros atopaba aquela nena que perdeu un zapato na lama na súa biblioteca familiar?**

O libro, en parte, é un exercicio de ficción, isto é, hai capítulos nos que deseño unha realidade que debeu de acontecer tal e como o conto, pero non teño a seguridade plena. Nese capítulo no que falo das lecturas, alén da verdade que encerra o feito de que na súa casa había libros e que a súa nai lle lía un poema cada noite, deixo constancia de títulos, editados nunha colección de Bruguera que alternaba narrativa con banda deseñada, que tamén había na miña propia casa.

**Quixera agora aproveitar para preguntarte pola túa faceta como profesor de Historia no IES Castelao, onde os teus alumnos levaron a cabo un proxecto de investigación de Memoria Histórica onde investigaron e catalogaron varios lugares ata o de agora nin recoñecidos nin catalogados. Como xurdiu esta iniciativa e en que consistiu ese traballo de campo que desenrolaron os teus alumnos?**

Son profesor de Lingua e Literatura Galega aínda que tamén, por cuestións curriculares, levo un par de cursos como profesor de Historia. O proxecto ao que aludes é das cousas que máis orgulloso estou de dirixir ou coordinar nos meus últimos anos como docente. Todo se derivou, dunha maneira natural, duns traballos que este alumnado ao que me refiro, realizou sobre a guerra civil. Unha cousa leva a outra e acabamos falando de memoria e da memoria democrática en Vigo. De aí xurdiu a posibilidade de realizar un traballo de campo e outro de investigación sobre os espazos que na cidade de Vigo estaban recoñecidos como lugares de memoria e aqueloutros dos que tiñamos datos pero non se recoñeceran, por diversos motivos. Foi moi

sorprendente decatarnos dos lugares ou referencias franquistas que están normalizadas tanto no nomenclátor como en lugares cuxa relevancia, por exemplo, na resistencia contra a sublevación militar, foron minimizadas e esquecidas totalmente.

**Os que, desde moi diferentes ámbitos, traballan pola recuperación da nosa Memoria, sempre topamos coas voces que falan de que non hai que volver abrir feridas, de que é mellor esquecer, que resposta cres que lles da que un feixe de rapaces e rapazas, se mergullen no pasado da súa cidade, para sacar á superficie a historia agochada?**

Non é cousa de abrir feridas, como ben sabes, é cousa de educar na memoria e no coñecemento do noso pasado. Ademais, hai unha lei de memoria que non podemos ignorar. O feito de que o estado español sexa, despois de Vietnam, o país con máis foxas comúns aínda sen exhumar é significativo de que queda moitísimo camiño por andar e é nas xeracións máis novas onde estamos obrigados a ser coherentes.

**Son moitos os habitantes de Vigo que non saben que houbo unha fosa común na rúa Pizarro, que o aeroporto de Peinador se construíu con traballo forzado, ou que no MARCO se atopaba a prisión onde foron presos moitos vigueses e viguesas, hai unha falta da nosa memoria máis contemporánea, nunha cidade que reivindica episodios históricos máis afastados no tempo, como a Reconquista?**

Eu fun o primeiro sorprendido co achado da fosa na rúa de Pizarro, porque vivín alí preto. Respecto dos casos que citas, e este, é unha obriga moral reconstruír o noso pasado, guste ou non, coa reivindicación do significado que teñen estes lugares. Entendo que non está rifado con episodios como a Reconquista, por suposto, pero este traballo ao que aludo nesta parte final da entrevista debe ser a nosa reconquista, a da memoria democrática e antifascista, non teño dúbida.

**Tamén no traballo dos teus alumnos hai un catálogo de símbolos vinculados á ditadura, como a Cruz de O Castro, o escudo franquista no edificio de Aduanas, ou as rúas dedicadas a personaxes do réxime, como Portanet, a Memoria Histórica segue sendo unha materia pendente do concello vigués?**

Hai realidades, como sinalas, un tanto incomprensibles e que entendo, particularmente, como un atentado á intelixencia e un incumprimento fragrante da lei de memoria. Son optimista e confío que este traballo realizado por adolescentes de 15 e 16 anos se converta nunha chamada ás consciencias dos nosos gobernantes. Albergo fundadas esperanzas de que así será.